

do 27 abril ao 13 de maio de 2018

praza de María Pita

a forza necesaria

movemento obreiro na Coruña

exposición a ceo aberto organizada

pola Concellería de Emprego

e Economía Social da Coruña

Creación do proxecto e deseño **Pepe Barro** /

Documentación e redacción **Carmen Martín**

e **Segundo Saavedra** (RdO Cultural) /

Maquetación **Susana G. Diz** (mazairagrafismo) /

Impresión **Tórculo** / Montaxe **expo.gal** /

Arquivo Municipal da Coruña / Arquivo do Reino

de Galicia / Real Academia Galega / Archivo

Histórico Universitario da USC / Biblioteca

Universitaria de Santiago de Compostela

Colaboran: Fundación 10 de Marzo-CC.OO /

Fundación Luís Tilve / Fundación Moncho Reboiras /

Unión Anarcosindicalista da Coruña / Proxecto

interuniversitario “Nomes e Voces”

Agradecementos / colaboracións:

Eliseo Fernández / Dionisio Pereira /

Gustavo Hervella




CORUÑA
>PRÓXIMA

a forza
exposición
a ceo aberto

za ne
27 abril-13
maio-2018

cesa
praza de
María Pita

ria
a forza
necesaria
o movemento
obreiro
na Coruña



A expansión urbana a finais do século XIX e nas primeiras décadas do XX requeriú moita man de obra do ramo da construción. [Arquivo Municipal da Coruña]



A Fábrica de Tabacos instálase na Palloza, no antigo edificio dos Correos Marítimos, e arredor da actividade fabril xurde un centro bulideiro da nova cidade.

A forza do traballo construíu a Coruña, fixo fumegar as fábricas e espeliu o trafego portuario. Velaquí a historia en negro e vermello, as cores da forza necesaria. Velaquí as catro mil cigarreiras que rebulen na Palloza en 1900, a cidade arrecende a fume de Farias. Eís a forza dun senfín de sociedades de obreiras e obreiros, das escolas laicas da *Antorcha Galaica*, de *Germinal* a xermolar cultura, das Mulleres Libres, da Humanidade Libre, como quere nomearse o sindicato dos mariñeiros á parte. *La Lucha, La Veloz, La Energía, La Lealtad, La Luz...* Velaquí tamén a forza vencida con sangue en 1901, os Mártires da Coruña. Tamén a forza da unión, obreiros e republicanos a facer abrollar un soño de liberdade, un soño crebado, esnaquizado polo fascismo asasino, que sementa de heroes as beiras de todas as estradas, de todos os camiños. Eís tamén a forza que resiste, que terma da angueira da liberdade fanada, a forza agochada, que teima e volve organizar a forza do traballo na forza sindical. En pé, serena, a forza que gaña as rúas da democracia, que reclama, que defende, que demanda. A forza da *Solidaridad*, da *Emancipación*, da *Acción*, do *Combate*, da *Loita*, do *Eixo*, de todos os xornais sindicais. A forza necesaria, con *Brazo y Cerebro*, do movemento obreiro na Coruña.

Alberto Lema

Concelleiro de Emprego e Economía Social da Coruña